

## Diario dunha pandemia.

Estimados alumnos e alumnas quero engadir unha serie de aclaracións para a correcta realización do traballo voluntario.

1-En canto as cifras de contaxios, mortos e curados o mellor que podedes facer é presentar as curvas por países, en España e en Galicia en vez de ir poñendo todos os números. Podedes agardar a que remate a pandemia para poñer a curva final ou ir poñendo a curva a medida que vai avanzando a pandemia, por exemplo ir colocando as curvas cada dous, tres ou cinco días.

O departamento de matemáticas propuxo unha actividade para facer as curvas a partir dos datos reais, se queredes engadir esa gráfica sería estupendo. Unha feita por vos mesmos.

2-Quero insistir en que a parte máis importante é a de ir explicando, día a día, como vai cambiando a situación. Por exemplo poñer que o día 1 se declarou o Estado de Alarma e Donald Trump pechou EEUU aos voos europeos. E explicar como ese día foi un día de asistencia voluntaria ao instituto, se fostes ou non, como o viviches vos ese día, etc.

Non quero un resumo da Pandemia, quero un diario da pandemia, iso é o que quedará para a posteridade. O outro calquera que queira sabelo so ten que ler un xornal, un libro, un informe ou acudir a wikipedia para velo. O voso diario é voso e da vosa vila, e o seu valor será incalculable como fonte e como experiencia vital.

3-Se fora posible me gustaría un correo a [pablo.alonso.de.vega@edu.xunta.es](mailto:pablo.alonso.de.vega@edu.xunta.es) de todo o alumnado que está facendo esta tarefa para facerme unha idea de quen está a bordo. Animádevos, o produto final será algo moi interesante de conservar, para a Historia e para vos. A Historia non so se escribe con grandes estruturas, a historia local é importantísima para poder ter unha visión global dun fenómeno histórico. Tamén pode ser unha terapia estupenda ir escribindo o que vai sucedendo, manter a mente ocupada nun obxectivo.

Sáúdos, ánimo e lembrede que queda un día menos para recuperar a normalidade.